

AUGUSTO PÉREZ ALBERTI: *O papel das humanidades na actualidade*

Por

ISRAEL SANMARTÍN BARROS (ISB) E ANA M^a SUÁREZ PIÑEIRO (ASP)

Estreamos esta nova sección de *Sémata* entrevistando o catedrático de xeografía física, Augusto Pérez Alberti, na actualidade profesor *ad honorem* da Universidade de Santiago de Compostela.

O profesor Pérez Alberti desenvolveu unha fecunda carreira docente e investigadora na Universidade de Santiago de Compostela desde 1991, coma catedrático desde 1999, cunha marcada vocación internacional. Deste xeito realizou estadias en Guelph (Ontario, Canadá), Strasbourg (Francia), Laval (Quebec, Canadá), Montevideo (Uruguay), Mendoza (Arxentina), Sao Paulo (Brasil), Chile (Santiago de Chile) e ESPE (Quito, Ecuador). Participou en 27 proxectos de investigación, tendo dirixido máis dunha decena deles, e numerosas asistencias técnicas para diferentes institucións. Tamén foi profesor visitante nas universidades de Le Mans e Nantes (Francia), Neuquén (Arxentina) e Quito (Ecuador). Como membro do grupo AMBIO SOL integrado na Asociación Estratéxica CRETUS, viaxou en 2018 á Antártida xunto con investigadores de España, Portugal, Francia e Reino Unido. Innumerables son as súas publicacións científicas, recoñecidas no ámbito internacional, así como as súas obras de divulgación, de capital importancia para a xeomorfoloxía galega. Non menor é o seu papel como docente dirixindo numerosos traballos académicos.

Con el imos falar do papel que están a desenvolver as humanidades na actualidade e os retos que estas deben afrontar.

ASP: *Despois de 50 anos de profesión como docente e investigador, cales considera que son as súas principais achegas no ámbito das humanidades?*

Movinme sempre entre o que chamamos ciencias sociais ou letras e as ciencias da Terra. De feito, fun criticado por, dicilo dalgún xeito, ser máis físico que humano; cousa coa que non estou de acordo, dado que eu defendín sempre que o territorio é un produto social diferenciado, froito dunha humanización constante. Hai un condicionamento físico que explica moitos aspectos: por exemplo, a existencia dunha montaña pode explicar as diferenzas na arte románica entre unha rexión e outra. Penso que os socalcos son o mellor exemplo da actividade antrópica. O territorio é pois froito da historia que se move a diferentes escalas temporais: a da xeoloxía ou xeomorfoloxía, que o fai en tempos moi longos, e a da paisaxe, que plasma as relacións entre a sociedade e a natureza, que evoluciona en tempos moito máis curtos (isto vese moi ben coa política agraria comunitaria –PAC– que fai que mude a paisaxe con rapidez). Eu traballei e traballo sobre o territorio

desde o campo da xeografía física, pero colaboro con xeólogos, arquitectos, edafólogos, historiadores, etc., que teñen perspectivas moi diferentes á miña en moitos temas. Aí residiría a miña contribución á investigación humanística, a de integrar o natural e o social, as ciencias e as letras.

ASP: Neste sentido, ao falar de colaboración, sentiu algún tipo de discriminación ante as denominadas ciencias exactas ou a cooperación foi doada?

Pola miña experiencia, a situación non depende tanto da especialidade. A nivel español hai conflito entre grupos de ciencias e letras fronte a outros países nos que a cooperación se entende como necesaria e establécese con maior facilidade. Eu traballo con xeólogos canadenses ou portugueses en plano de igualdade porque non me podo limitar á parte física do territorio, necesito máis ámbitos, e neles adoito atopar con quen colaborar á marxe da súa disciplina.

ASP: Repasando o seu curriculum vitae sobresaie o apartado divulgativo, que importancia lle outorga na súa carreira profesional?

Entendo que constitúe unha parte fundamental. Tan importantes poden ser as miñas achegas científicas no campo da xeomorfoloxía como a divulgación realizada a través de textos de ensino. Entendo que é prioritario que a universidade transcenda máis alá das súas propias aulas ou laboratorios. A miña carreira docente parte do ensino secundario, onde exercín desde 1975 a 1990, e considero esa experiencia crucial no meu desenvolvemento posterior como profesor e investigador. Publiquei manuais, algúns de gran difusión, nos que colaborei con outros autores como os profesores R. Villares, X. M. Souto ou Casimiro Mesejo. Destacaría en particular un manual para segundo de BUP, editado pola editorial Anaya, no que propoñiamos entre outros temas un que levaba o nome “O outro París Dakar”, no que o que nos interesaba non era o meramente deportivo que se vía na televisión, senón remarcar as diferenzas existentes ao longo da ruta. Alí falabamos de estadios de pobreza, de contrastes na paisaxe e no clima; das diferenzas ante a vida e a morte, ou na atención médica, etc.; confrontando o mundo desenvolvido e o subdesenvolvido, o norte e o sur, a riqueza e a pobreza para plasmar as enormes diferenzas sociais percibidas no medio.

ISB: Falamos de divulgación, cre vostede que se recoñece a nivel académico esta función?

Sinceramente, na miña opinión, non; mesmo, ás veces, case parece un demérito. Como xa sinaléi, eu inicio a miña carreira profesional no ensino secundario e considero que esa fase curricular non se recoñece. Pola contra, penso que hai que reivindicar este ámbito. Do mesmo xeito que debemos reclamar o espazo que nos corresponde ante comunicad-

res non profesionais das áreas de coñecemento das que falan sen criterio nos medios en temas cruciais como o cambio climático, as vacinas, etc. Neste sentido, o labor de formación que nos corresponde é transcendental.

ISB: *Nun tempo no que se conforman grandes grupos de investigación ou en rede, considera que se trata dunha colaboración efectiva ou, máis ben, de carácter estratéxico promovido pola propia Administración pública?*

A superespecialización existente en ciencias esixe máis este tipo de labor; en humanidades non hai que desbotalo, pero eu confío máis na capacidade creativa do individuo e na colaboración en grupos relativamente pequenos. Neste sentido, a miña experiencia investigadora en grupo ten luces e sombras...

ASP: *Falar da crise das humanidades converteuse case nun lugar común. A mercantilización da educación superior parece non deixar espazo para as disciplinas humanísticas, hoxe máis cuestionadas que nunca. Considera que a situación actual é peor que unhas décadas atrás ou loitamos contra os mesmos estigmas?*

Hoxe en día impera unha visión altamente cientificista da sociedade. Tendemos á unha cuantificación diríamos excesiva do coñecemento e parece que aquilo que non se somete a este tratamento non interesa. Non obstante, hai ámbitos de estudo que non admiten este proceso. Por exemplo, e falo de experiencias propias, se estudo un glaciar e realizo unha descrición axeitada do mesmo, esa lectura ten un valor intrínseco por si mesmo e que perdura no tempo, dado que calquera investigador no futuro poder comparar o que eu describo co que el ve. Poden mudar as técnicas de análise pero unha boa descrición sempre é de utilidade. Por suposto é preciso medir, cuantificar, analizar, mais non sempre é posible nin sempre é a mellor opción; nas ciencias humanas e sociais en moitas cuestións vitais a cuantificación non sempre é posible nin necesaria e non por iso deixan de ter importancia. Volvendo ao ensino, e ampliando a perspectiva, na botánica antes se lle daba unha grande importancia á taxonomía das plantas; hoxe, os rapaces e as rapazas coñecen toda a xenética da planta pero moitos non son quen de recoñecela no campo. Isto debería levarnos a reflexionar sobre se sempre un algoritmo é a única solución a todo.

ISB: *A nivel social, cre que o desprestixio das humanidades é intencionado?*

Certo é que hai unha vontade política: canto máis se vulgariza o coñecemento, canto máis inculta sexa unha sociedade, máis facilmente se manipula. Recentemente sorprendíanse na prensa de que un alumno brillante nas probas selectivas de acceso á universidade optase polo grao de filoloxía galega... Quitar dos plans de estudo horas de filosofía, historia, linguas clásicas, empobrece sen dúbida a formación dos futuros cidadáns.

ISB: *Cal sería neste sentido a responsabilidade que lle correspondería neste proceso ao propio profesorado de humanidades?*

A métrica actual da produción científica vén marcada por publicacións, linguas (o inglés potenciado por grandes editoriais), axencias de avaliación, administracións públicas e mesmo os propios autores. Nós somos parte do sistema e aceptamos as súas regras. Neste sentido podemos considerarnos unha colonia: publicamos en inglés buscando impacto, malia que non podemos competir sempre pola propia lingua con autores do ámbito anglosaxón. No ámbito das ciencias naturais abundan as revistas de impacto; mentres no campo das humanidades non hai tantas publicacións recoñecidas para editar estudos que non teñan carácter internacional. Polo tanto, moito do noso traballo queda fóra de xogo.

ISB: *Efectivamente, porque cando abordamos un tema a perspectiva territorial muda o seu interese: un estudo de Madrid é xeral, mentres o de aquí é local. Esta visión non require unha corrección? Existen dous modelos ben distintos: o francés conta con revistas propias e unha métrica particular; pola contra, o portugués, máis colonial ou liberal, que é o que nós estamos a adoptar, segue a pauta internacional.*

Si, pero é un tema moi complexo. Hai dous niveis e nós podemos decidir publicar noutros ámbitos e linguas pese á súa non cuantificación. Eu comecei a miña traxectoria investigadora publicando en galego e castelán e recibín avaliacións académicas negativas. Non obstante, termos como “serras orientais” ou “serras setentrionais”, “Terra de Trives”, etc. foron cuñados daquela por min, no ano 1979, na miña *Xeografía de Galiza*, editada por Santillana, e forman parte da, digamos, megatoponimia galega. Admito que acabei aceptando o xogo e publicando en inglés en revistas internacionais, porque, de non telo feito, non podería optar a ter sexenios de investigación, o que dificultaría ao tempo a posibilidade de recibir axudas para proxectos de investigación. Non esquezamos que ata para formar parte de tribunais é preciso ter sexenios. É un círculo do que resulta moi difícil escapar.

ASP: *A nova era na que nos atopamos, o denominado antropoceno, afronta retos maiores que noutras etapas: cambio climático, migracións, unha maior esperanza de vida... Que papel lle debería corresponder nela ás humanidades?*

Para establecer unha nova era precísase un sinal a nivel mundial. Para o antropoceno barállanse diferentes eventos, entre outros a revolución industrial, pero parece que a presenza dos plásticos a nivel mundial resulta o momento clave. Hai pouco coñecín en profundidade o tema dos microplásticos. Eu mesmo, sen pensalo, arroxaba as lentes de contacto polo inodoro... sen ser consciente do dano que estaba a producir. É un exemplo moi pequeno, pero significativo. Fai falta formación e reflexión. Esta é unha época moi complicada, precisamente, pola falta de formación humanística. Impera a cultura virtual, líquida, non reflexiva, propicia á manipulación. Un dos maiores retos que afrontamos é o

cambio climático. O clima sempre mudou e seguirá a mudar e máis coa intensa actividade humana, e o ambiente, que é moito máis que clima, está a ser literalmente estragado. As paisaxes que vemos hoxe difiren bastante das de hai só unhas décadas atrás. Eu na aldea xa non escoito os paxaros cos que disfrutaba de neno... Pola contra, na cidade avanza ratas, cucarachas, gaivotas..., animais carroñeiros que medran co lixo. Para entender as migracións hai que coñecer as colonizacións, os grandes movementos de poboación que se deron ao longo da historia. A reflexión humanística é imprescindible. Nos medios de comunicación faltan expertos que aborden con perspectiva social cuestións capitais como: a auga, a desigualdade, a miseria, a insolidariedade, a incomunicación, etc.

ISB: *Neste sentido, como contempla o avance da tecnoloxía, a robótica, a intelixencia artificial?*

O reto é avanzar na robotización en todos os ámbitos, ata no campo artístico, musical ou no ocio. Deberíase ter sempre presente que calquera avance debe ter como obxectivo mellorar a calidade de vida das mulleres e dos homes que habitamos neste planeta. Non se trata de robotizar para simplemente rebaixar custos; mais ben, a finalidade tería que ir encamiñada a alixeirar o traballo das persoas; a mellorar a asistencia médica, a eficiencia enerxética, a xestión dos residuos ou o medio ambiente. Non estou en contra dos avances, pero sempre desde unha escala humana.

ASP: *Para rematar, profesor, coma un neno de aldea que acaba formando parte dunha expedición na Antártica, como contempla o futuro?*

O futuro hai que escribilo. Nin será mellor nin peor que o pasado, simplemente diferente. Iso si, avánzase moito a nivel médico, tecnolóxico, pero, pola contra, estase a perder a cultura popular. A sociedade actual é moi urbana, moi urbanizada se se quere, en tanto que están a primar outros valores non tan marcados polo paso das estacións. En moitos casos téndese a converter o medio rural nun parque temático ao que se poidan achegar os habitantes das cidades. Este aspecto preocúpame porque no mundo rural temos moitos as nosas raíces e, en certos aspectos, del podemos aprender a manexar mellor o planeta. Non debemos esquecer que as mulleres e os homes do mundo rural aprenderon a manexar a terra coa finalidade de que non se esgotase nunca e que permitise que cada ano se puidesen recoller as colleitas. Esta visión da importancia do permanente no tempo non se ten na cidade, onde todo vai máis rápido, onde domina o efémero na meirande parte dos casos. Non quero dicir con iso que o bo estea no rural e o malo na cidade; en absoluto. Simplemente, quero chamar a atención sobre un mundo rural que, como no caso galego, esmorece e a sociedade parece non ser consciente de onde e quen produce os seus alimentos. Ben é certo que nas aldeas mellorou moito a calidade de vida, pero perdeuse a toponimia, as tradicións orais, a arquitectura, etc. Melloramos a vida nas cidades mais non deixemos que morra o rural.